

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE MONTERROSO PARA O PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DE DIVERSAS RÚAS DO CONCELLO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Monterroso o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Monterroso para o proxecto de mellora da rúa Álvaro Cunqueiro, avenida do Marco, rúa Xoán Montes, rúa Irmán Xesús, travesía da Feira, rúa da Xesta e rúa San Miguel.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- Que entre os obxectivos do Concello de Monterroso están o desenvolvemento do turismo dentro do concello de acordo cos principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade; a potenciación do turismo como factor de crecemento económico, a valorización dos recursos turísticos e o fomento do turismo como instrumento de reequilibrio territorial. Xa que logo, este concello dirixe os seus esforzos cara a conservación, divulgación e posta en valor dos seus recursos.

O Concello de Monterroso, no intento da posta en valor do patrimonio cultural existente e co fin de dalo a coñecer ás persoas visitantes e peregrinas que recibe, propón a execución de actuacións de recuperación e mantemento en correcto estado de conservación de diferentes bens de interese patrimonial, de xeito que as condicións nas que se atopen sexan acordes o medio onde se emprazan. As actuacións que pretende levar a cabo son as obras necesarias para a reparación e mellora da capa de rodadura da rúa Álvaro Cunqueiro, avenida do Marco, rúa Xoán Montes, rúa Irmán Xesús, travesía da Feira, rúa da Xesta e rúa San Miguel, coa finalidade de mellorar a mobilidade e a seguridade nas súas contornas.

Con estas actuacións quérese potenciar un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura. Ademais supón a posta en valor do Camiño de Santiago de cara á celebración do próximo Ano Santo Xacobeo, ofrecendo aos visitantes e peregrinos produtos turísticos seguros, que incidirán na promoción e potenciación do turismo en Galicia.

Por outro lado, a Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como misión impulsar un turismo auténtico e sostible. Esta artículase a través de misións, sendo unha delas a mobilidade, conectividade turística e reequilibrio territorial. Unha primeira liña de traballo incide en mellorar a percepción do destino e garantir e facilitar información sobre este. En segundo lugar, o turismo é a grande actividade económica capaz de redistribuír riqueza e facilitar emprego en áreas especialmente vulnerables e que afrontan o reto demográfico. A estratexia busca apuntalar o turismo rural cara ao ano 2030, mellorando a súa planificación, facilitando investimentos e xerando novas experiencias, máis atractivas e innovadoras, pero, sobre todo, que reforcen a cultura e a identidade local.



Neste senso cómpre mellorar os investimentos no turismo rural para manter o rico patrimonio histórico ou, con carácter xeral, xerar infraestruturas básicas que melloren a experiencia turística. Consegúrase así non só mellorar a accesibilidade a zonas menos visitadas, senón que tamén se contribuírá a distribuír os fluxos turísticos de maneira máis equilibrada e fomentárase un turismo responsable e sostible.

Con esta actuación quérese potenciar un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

